

5

Vigo Zoo

CADERNO DIDÁCTICO
EDUCACIÓN PRIMARIA (3º CICLO)

ACTIVIDADE 1: Os animais habitan desde os sitios máis fríos ata os desertos. Todos os animais están adaptados ao seu medio ambiente, no que atopan o alimento e a morada que precisan. Se se levan a outros lugares poden morrer rápidamente; por exemplo, o oso polar, de pelo moi espeso, non sobreviviría no deserto.

Cada lugar da Terra onde un organismo vive recibe o nome de:

- a) Medio
- b) Hábitat
- c) Continente
- d) Zona

ACTIVIDADE 2: Moitas especies animais e vexetais están sufrindo unha diminución das súas poboacións como consecuencia das actividades humanas provocando así un desequilibrio na cadea trófica.

Une con flechas cada animal cos seus principais problemas en liberdade, si os ten.

Cervo	Chumbismo, desaparición de humedais.
Voitre	Caza excesiva, destrucción do seu hábitat.
Anátidas	Velenos, desaparición de muladares.
Lince	Non presenta grandes problemas en liberdade.

ACTIVIDADE 3: Das seguintes afirmacións, sinala cales son verdadeiras ou falsas:

- O león é o "rei da selva".
- A camuflaxe só lles serve aos animais como defensa.
- A principal ameaza do voitre é únicamente a falla de alimento.
- O tigre é o felino máis grande de todos.
- O principal inimigo do oso é o ser humano.

ACTIVIDADE 4. A águia real practicamente non ten inimigos na Natureza a non ser o propio home que destrúe os seus niños, pónlle trampas con carne envelenada, constrúe parques eólicos, remontes, etc no seu hábitat. O cambio climático tamén afecta á supervivencia deste habitante das altas montañas xa que se reproduce menos e lle costa máis atopar alimento.

Por todo isto, a águia real ten que estar protexida xa que se non se podería extinguir, ¿pero en que lugar está protexida?

- a) España
- b) Galiza
- c) Europa

ACTIVIDADE 5 : O primeiro felino apareceu fai 40 millóns de anos; algúns sufriron unha extinción natural e os felinos actuais están camiño dunha extinción provocada polo home debido á caza e á invasión do seu hábitat.

**Cal é o felino máis ameazado do mundo?
Sinala a resposta correcta.**

Leopardo Lince ibérico León
Tigre Panteira

ACTIVIDADE 6. O oso pardo ibérico é o animal terrestre máis grande da fauna ibérica, aínda que é a especie de oso máis pequena do mundo. A fragmentación do seu hábitat pola construción de estradas e aproveitamentos forestais xunto coa caza provocan que o oso pardo esté en perigo de extinción.

Pódense cazar osos pardos?

- a) Si, porque son perigosos.
- b) Non, porque están en perigo de extinción
- c) Si, sempre que a súa caza sexa controlada

ACTIVIDADE 7. A chegada de especies a hábitats que non son os seus provocan alteracións nos ecosistemas nos que se introducen, xa que compiten polo alimento desprazando a outras especies similares alí situadas, provocando unha competencia entre ambas e se benefician de non ter que sufrir os ataques dos seus depredadores naturais, xa que non viaxaron xunto a elas. En España, as principais especies invasoras son a malvasía canela, muflón, visón o cangrexo americano, etc, e constitúen a primeira causa de desaparición da biodiversidade.

Por que se di que a tartaruga de Florida é unha especie invasora?

- a) Porque ven do espacio.
- b) Porque compite coas especies autóctonas e as desplaza.
- c) Porque se reproduce con moita facilidade.



ACTIVIDADE 8. O aparato dixestivo da maioría dos grupos que forma o Reino Animal presenta adaptacións ao tipo de alimentación. Así, no reino animal podemos distinguir:

Animais herbívoros: aqueles que se alimentan de especies vexetais.

Animais carnívoros: aqueles que se alimentan de outros animais.

Animais omnívoros: os que se alimentan tanto de vexetais como de animais.

Animais parásitos: viven dentro de outro animal ou na súa superficie, e se alimentan do seu hóspede, causándolle perxuicios.

Saberías dicir que tipo de alimentación presentan os animais do seguinte cuadro?

ANIMAL

ALIMENTACIÓN

Xabaril

Serpe

Iguana

Camaleón

Cisne

Gamo

ACTIVIDADE 9. ¿É certo que, nalgúns lugares do mundo, se utilizan casi todas as partes do corpo do tigre para facer meciñas? **Sinala a resposta correcta.**


a) Si b) Non c) Soamente se utiliza as súa pel

ACTIVIDADE 10. Para realizar as súas migracións as aves voan agrupadas. Segundo a forma en que voan díse que teñen formación en "v", en hilera ou en grupo.

Une con unha frecha cada debuxo co tipo de formación que lle corresponde.



Formación en grupo



Formación en hilera



Formación en "V"

ACTIVIDADE 11. A vida precisa un aporte continuo de enerxía que chega á Terra desde o Sol e pasa duns organismos a outros a través da cadea trófica.

Ordena a seguinte cadea trófica e di cales son consumidores primarios.



1.

2.

3.

4.

5.



Consumidores primarios: e

ACTIVIDADE 12. O esqueleto das aves é algo máis lixeiro que o de outros vertebrados debido a que os seus ósos son ocos e finos.

Cando unha ave se fractura unha á, ¿qué problema pode ter?

- a) Ningún, cúraselle a á e pode volver a voar.
- b) Que mentras non se lle cure a á, non pode cazar.
- c) Que os seus ósos ao ser ocos non se soldan perfectamente, o que lles impide voltar a voar.

ACTIVIDADE 13. Entre os animais a tolerancia ás condicións dun lugar varían moito; algúns poden sobrevivir en diversos tipos de hábitats, pero outros morrerían se tiveran que vivir nun hábitat diferente ao que están acostumbrados.

Da seguinte lista ¿qué animais viven en Galiza?

Raposo Lobo Emú Gavián Panteira
Macaco Xabaril Corzo Antílope

ACTIVIDADE 14. Atopa na sopa de letras nomes de animais que se poden atopar en Vigozoo.

Q W E R R T Y U I O O P K L
A S D F G M A M B A F H K P
Z X X G C V B N M M L J G T
Q R Y U E I K L N B V C Z X
M S W R T C H J L H G F M D
I Z C V B M K D E R E T U Y
G D F V E E U O H M H J F K
A S D E R R T Y U I P M L V
L A Q W R T V D M B U F O F
A H U T E W U T T R E V N M

-Mamba

-Gecko

-Migala

-Búfo

-Muflón

Emú